

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL CORRESPONDENTE O DÍA 9 DE XANEIRO DE 2024-

Na Casa Consistorial do Concello de Ribadavia, o día 9 de xaneiro de dous mil vinte e catro ; as oito horas e cincuenta e cinco minutos xuntase os señores que de seguido se sinalan para celebraren a sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local correspondente a esta data Alcalde Don César Fernández Gil concelleiros/as: don Miguel García Domínguez, don Juan Carlos Fernández Fernández , dona Yolanda Gómez Gómez.

Está presente o Secretario do Concello, Francisco Fernández Castro.

Está presente o Interventor do Concello, D Vicente Soto Rodríguez.

Aberta a sesión polo Sr. Alcalde, pásase de seguido ó estudio dos asuntos que conforman a anunciada Orde do Día, que resultan se-los seguintes:

1.- ACTA ANTERIOR.-

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, aproba o borrador da Acta da sesión anterior de 27 de decembro de 2023.

2.- OBRAS MAIORES.-

Non houbo.

3.- ESCRITOS DOS SEÑORES CIADÁNS.-

Escrito de don Brais Fidalgo Martínez, con rexistro de entrada no concello de 4 de xaneiro de 2024, no que expón: como concelleiro de Ribadavia do Grupo Municipal de Ribeiro en Común.

Avisamos da situación de perigo nunha parte do muro no Campo municipal de O Xestal, ao lado da porta lateral esquerda(anexa á cantina).

Solicito como concelleiro de Ribadavia:

Se teña en conta a situación perigosa para que o concello tome medidas oportunas.

A xunta de Goberno acorda tomar coñecemento.

4.- Escritos oficiais.

5.- CUESTIÓN ECONÓMICAS E ASUNTOS VARIOS.

APROBACIÓN DE HORA GRATUITA NO PARKING MUNICIPAL

Vista a Ordenanza reguladora do servizo municipal de aparcadoiro subterráneo na Alameda e dos prezos públicos do servizo e en concreto o artigo 32.3 da mesma, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda establecer unha hora como máximo e unha entrada por día de aparcamento gratuito no horario de acceso peatonal o aparcadoiro, todo elo co obxecto de potenciar o comercio local e facilitar os veciños/as a realización de diversas xestións administrativas con efectos de 1 de xaneiro de 2024.

Que se lle de traslado os servizos de Intervención e Tesourería e a empresa encargada da asistencia técnica do servizo de aparcamento municipal os efectos oportunos.

Aprobación de iniciativa local de emprego.

Vista a solicitude presentada por dona Anais Míguez González, con rexistro de entrada no concello 2023-E-RE-844 de 27 de novembro de 2023 .

Vista a Memoria proxecto de Enoturismo e Aloxamento en Camporredondo.

Visto o Decreto 9/2000 , de 12 de xaneiro, polo que se regulan as iniciativas de emprego e as súas clases, así como o procedemento para a súa calificación e inscrición rexistral.

Considerando viable o proxecto empresarial exposto na Memoria do Proxecto.

A xunta de goberno local, por unanimidade, acorda:

-Manifestar o apoio do concello de Ribadavia a calificación como Iniciativa Local de Emprego da actividade de enoturismo e aloxamento en Camporredondo, promovido por dona Anais Míguez González, presentado con rexistro de entrada no concello 2023-E-RE-844 de 27 de novembro de 2023 .

6.- ROGOS E PREGUNTAS QUE SE FORMULEN REGULAMENTARIAMENTE.-

Non houbo.

E sendo as nove horas e quince minutos e non habendo máis asuntos que tratar a presidencia levanta a sesión.

